



INFORME DA PORCENTAXES DE SUPERACIÓN DE MATERIAS DO GRAO EN BIOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2018-2019

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o 19/02/2020
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 27/02/20**

Introdución	p. 3
Resultados	p. 4
<i>Xenerais</i>	p. 4
<i>Por curso</i>	p. 8
<i>Alarma temperá</i>	p. 16
Problemática xerada	p. 17
<i>Índices de calidade</i>	p. 17
<i>Bolsas de alumnos/as</i>	p. 18

Introdución

Transcorridos dez cursos académicos desde o inicio da implantación do Grao en Bioloxía da USC (curso 2009/10), resulta conveniente realizar unha recapitulación sobre a evolución da porcentaxe de alumnos que superan as materias, tendo en conta a súa relación coa taxa de rendemento.

Existen varias razóns para facer esta recapitulación:

Por unha banda, o Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2017-2020, inclúe como Visión e Propósito Estratéxico: *“Unha Facultade de Bioloxía de recoñecido prestixio nacional, que chegue a ser un referente e que destaque pola súa solvencia académica; con estudantes que amosen elevadas taxas de éxito nos seus estudos, e egresados cunha alta taxa de inserción laboral”*. Deste xeito, elevar as taxas de éxito é un propósito estratéxico da nosa Facultade, sendo por tanto o seu seguimento anual unha necesidade. Ademais, desde o noso punto de vista, os indicadores máis representativos do proceso de aprendizaxe son as taxas de éxito, rendemento e gradación. A taxa de rendemento (IN34C-S01-PM-01 que é a porcentaxe entre o número de créditos ordinarios superados e o número de créditos ordinarios nos que se matricula -excluídos adaptados, recoñecidos ou convalidados-) correspondente ao Grao en Bioloxía da USC sitúase entre as menores de España (de acordo coa información do CEDB), con todo no Informe de Renovación da Acreditación do Grao comunicóusenos a seguinte apreciación: *“Los valores alcanzados en los resultados del título para la tasa de rendimiento y la tasa de eficiencia se corresponden con los previstos en la memoria de verificación”*. A taxa de rendemento fai referencia á totalidade das materias do grao, pero é necesario disgregar a nivel de materia os resultados obtidos, tal e como se mostra no seguinte informe, xa que unha única materia ou un pequeno grupo destas, pode facer descender a taxa de gradación. Ademais, no devandito informe apercebíusenos da seguinte forma: *“... Así mismo, se debe revisar y analizar la planificación, metodología, competencias, sistemas de evaluación, etc., en materias cuyas tasas de éxito son bajas. Por ejemplo, **Biología de la Célula, Biología de los Tejidos y Órganos, Química para Biología, Fisiología Vegetal I y II (no superan el 50%) entre otras**, garantizando que los estudiantes alcancen los resultados de aprendizaje esperados.”*.

Resultados

Xenerais

O promedio (ponderado polo número de créditos) de alumnos/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao das que se matriculan foi, durante estes anos, do 70,2%. Esta media variou desde o curso 2009/10 ata o 2018/19 da seguinte forma: 60,8%, 60,3%, 60,6%, 69,5%, 69,5%, 70,2%, 69,3%, 74,7%, 75,9% e 77,2%. Este valor non é comparable no tres primeiros anos, xa que corresponden a un (primeiro), dous (primeiro e segundo) ou tres (primeiro, segundo e terceiro) cursos de impartición, mentres que a partir do curso 2012/13 xa corresponde aos catro curso do grao. O valor é estable no tres primeiros cursos aumentado de forma clara, en máis dun 10%, ao empezar a impartirse cuarto. A partir deste curso mantense estable ao redor do 70% ata o curso 2015/2016, e nos tres último cursos académicos observase un importante incremento chegando ao 77%, no curso 2018/2019, o que supón unha subida de máis de 7 puntos porcentuais. Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar as porcentaxes de superación das materias para cada curso académico e curso do grao (Figura 1). A Táboa 1 inclúe estas porcentaxes xunto coa media e o erro estándar correspondente a cada curso.




Figura 1. Promedio ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico.

Podemos observar que, para o cuarto curso, a porcentaxe de superación é elevada e bastante estable en todos os cursos académicos, mostrando baixa dispersión (Táboa 1).

No que se refire o resto dos cursos, obsérvanse claros incrementos na porcentaxe de superación nos cursos académicos 2016/17, 2017/18 e 2018/19; aínda que no caso de segundo curso a mellora xa comenzara no curso 2015/16. É de destacar a mellora dos resultados nos cursos académicos 2017/18 e 2018/2019, nos que a media de superación de materias nos catro cursos do grado é superior ao 70%. Hai que felicitar-se de que un elevado número de estudantes alcancen os resultados de aprendizaxe esperados.

A nivel nacional existe unha clara tendencia entre a nota de corte da PAU/ABAU e o rendemento académico medido mediante a taxa de rendemento (datos da CEDB), no Grao en Bioloxía da USC, tal e como mostra a Figura 2, existe unha relación significativa ($p \leq 0.05$) entre a devandita nota e a porcentaxe de alumnos/as que superan as materias. Poderíase concluír que os coñecementos e o rendemento previo dos alumnos teñen un claro efecto ($r^2=0.73$) sobre a porcentaxe de alumnos que superan as materias de primeiro; aumentando nun 3% a porcentaxe de alumnos que superan as materias de primeiro por cada punto de aumento na nota de corte da PAU/ABAU. Aínda que nos primeiros curso de implantación parecía que non eramos demasiado sensibles ao incremento do rendemento académico no perfil de acceso, a partir do curso 2014/15 (e especialmente do curso 2016/17) apreciase un claro e positivo incremento, con datos que se afastan da liña de axuste pola parte superior na Figura 2; así, tal como se observa na Figura 3, a partir do curso 2014/15 os coñecementos e o rendemento previo dos alumnos teñen un efecto moi claro ($r^2=0.9$) sobre a porcentaxe de alumnos que superan as materias de primeiro.

Como xa se comentou en informes anteriores (por exemplo no [Informe de porcentaxe de superación de materias del grado en Biología de la USC. Curso Académico: 2017-2018](#)) que a porcentaxe de alumnos/as que superan as materias de cuarto sea máis elevado pode ser debido a diversas causas, que sea a meta a alcanzar, a madurez do alumnado, que cursen materias optativas, o tamaño dos grupos que é menor nas materias optativas, o número de créditos das materias menor (4,5 créditos), entre outras. Non parece que sexan os profesores, en canto ao seu nivel de esixencia, xa que os mesmos profesores impartindo materias de primeiro, segundo ou terceiro teñen porcentaxes moi inferiores a cando as imparten en cuarto.

Tabla 1. Promedio ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Inclúese a media e o erro estándar (E.E.) correspondente a cada curso do grao. Nota de corte da PAU/ABAU e número de alumnos que abandonan en primeiro curso.

	1ºcurso	2º curso	3º curso	4º curso	Nota corte PAU	Nº de abandonos
2009/2010	61%				5.13	--
2010/2011	56%	65%			5.44	46
2011/2012	60%	58%	63%		6.97	28
2012/2013	60%	65%	66%	87%	5.17	21
2013/2014	61%	64%	67%	86%	6.88	22
2014/2015	62%	67%	66%	86%	7.80	--
2015/2016	63%	69%	61%	84%	8.55	--
2016/2017	70%	69%	73%	87%	9.00	--
2017/2018	74%	70%	72%	88%	9.36	--
2018/2019	75%	73%	73%	87%	9.65	--
Media	64%	67%	68%	85%	--	--
E.E.	2%	1%	2%	1%	--	--




Figura 2. Relación entre a nota de corte da PAU/ABAU e a correspondente media da porcentaxe de alumnos que superan as materias do primeiro curso do grao. Indícase para cada valor o curso académico de acceso.




Figura 3. Relación entre a nota de corte da PAU/ABAU e a correspondente media da porcentaxe de alumnos que superan as materias do primeiro curso do grao desde o curso 2014/15 ata o 2018/19. Indícase para cada valor o curso académico de acceso.

Por curso

A continuación, aumentando o nivel de detalle, preséntase a porcentaxe de alumnos que superan unha determinada materia en cada un dos cursos académicos; os resultados agrupáronse por curso do Grado. Calculouse para o total das materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu o percentil inferior do 10 e 20% da porcentaxe de alumnos que superan as materias. Estes percentiles tiveron os valores do 52% para a $p=0.1$ e do 58% para a $p=0.2$. Devanditos percentiles incluíronse como liñas horizontais nas figuras que se mostran a continuación e como tramas nas táboas.

Respecto das materias de primeiro curso (Figura 4 e Táboa 2) so a materia Química para Bioloxía ten unha taxa de superación por debaixo do percentil do 20% nos dos últimos cursos. Esta materia é unha das que presenta os peores resultados do grao, a pesar de experimentar unha clara melloría nos cursos 2017/18 e 2019/18, logrando situarse por encima do percentil do 10%.




Figura 4. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do primeiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% (e a laranxa o do 20%) da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu.

Táboa 2. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do primeiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A traza vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A traza laranxa o do 20%.

	Bioestatística	Biofísica	Biología da célula	Biología dos tecidos e órganos	Fundamentos de Biología Animal e Vexetal	Matemáticas para Biología	Química para Biología	Técnicas Básicas	Xeoloxía	promedio pond. curso
2009/2010	36%	58%	64%	59%	55%	61%	57%	85%	75%	61%
2010/2011	49%	58%	63%	53%	63%	59%	52%	70%	38%	56%
2011/2012	62%	71%	54%	54%	60%	71%	46%	75%	51%	60%
2012/2013	53%	65%	60%	52%	61%	73%	49%	81%	50%	60%
2013/2014	58%	71%	49%	55%	60%	72%	47%	84%	60%	61%
2014/2015	54%	58%	54%	55%	61%	75%	47%	86%	75%	62%
2015/2016	74%	63%	43%	48%	62%	73%	55%	83%	72%	63%
2016/2017	65%	67%	62%	69%	78%	72%	48%	93%	88%	70%
2017/2018	86%	72%	64%	72%	75%	64%	57%	94%	88%	74%
2018/19	82%	80%	63%	58%	82%	74%	55%	98%	93%	75%
Media	62%	66%	57%	57%	66%	70%	51%	85%	69%	64%
E.E.	5%	2%	3%	3%	3%	2%	1%	3%	6%	2%

Podemos observar os resultados das materias de segundo na Figura 5 e na Táboa 3. Centrándonos nas materias que se atopan por baixo do percentil do 20% ou do 10% nos dous últimos cursos, observamos a lixeira mellora de Bioquímica II, que pasa dunha taxa de superación de 50% no curso 2017/18 a un 57% no curso 2018/19 e o importante empeoramento de Zooloxía I que cun valor de superación do 47% é a única materia do grao que se atopa por baixo do percentil do 10% no curso 2018/2019. Zooloxía I xa obtivo valores de superación (56%) por debaixo do percentil do 20% no curso 2017/2018 aínda que, entre os cursos 2010/11 e 2016/17, os valores da materia sempre superaron o 61%. Neste caso, os cambios no profesorado poden estar relacionados cos peores resultados de aprendizaxe observados no alumnado.




Figura 5. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do segundo curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% (e a laranxa o do 20%) da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu.

Táboa 3. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do segundo curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%.

	Biología do desenvolvemento	Bioquímica I	Bioquímica II	Bioxeoquímica	Botánica I	Botánica II	Xenética I	Xenética II	Zooloxía I	Zooloxía II	promedio pond. curso
2010/2011	84%	58%	54%	64%	64%	64%	54%	63%	68%	75%	65%
2011/2012	70%	51%	31%	58%	65%	63%	51%	49%	71%	74%	58%
2012/2013	79%	40%	38%	60%	82%	83%	67%	62%	66%	75%	65%
2013/2014	72%	61%	42%	67%	54%	85%	65%	54%	61%	79%	64%
2014/2015	66%	64%	54%	76%	73%	82%	57%	48%	72%	81%	67%
2015/2016	69%	58%	56%	81%	74%	76%	49%	68%	84%	75%	69%
2016/2017	76%	74%	57%	84%	74%	81%	59%	50%	61%	70%	69%
2017/2018	76%	71%	50%	69%	80%	86%	61%	63%	56%	82%	70%
2018/2019	83%	66%	57%	82%	93%	86%	67%	69%	47%	80%	73%
Media	75%	60%	49%	71%	73%	78%	59%	58%	65%	77%	67%
E.E.	2%	4%	3%	3%	4%	3%	2%	3%	4%	1%	1%

En referencia as materias de terceiro os resultados, tratados da mesma forma que en cursos anteriores, pódense observar na Figura 6 e na Táboa 4. No curso 2018/19 hai que destacar os mellores resultados de Fisioloxía Vegetal II con valores de superación do 58% (percentil del 20%). Por primeira vez dende o inicio do grado ninguna materia de terceiro ten valores de superación por debaixo do percentil do 20%.




Figura 6. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do terceiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Táboa 4. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do terceiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%.

	Microbioloxía I	Microbioloxía II	Antropoloxía Biolóxica	Ecoloxía I	Ecoloxía II	Fisioloxía Animal	Fisioloxía Animal Comparada	Fisioloxía Vexetal I	Fisioloxía Vexetal II	Xenética Evolutiva	promedio pond. curso
2011/2012	76%	74%	61%	75%	77%	59%	59%	45%	53%	50%	63%
2012/2013	87%	78%	71%	76%	83%	59%	54%	52%	39%	58%	66%
2013/2014	86%	80%	65%	81%	84%	54%	67%	48%	41%	62%	67%
2014/2015	82%	72%	60%	63%	79%	60%	70%	57%	52%	62%	66%
2015/2016	75%	70%	71%	74%	72%	56%	58%	42%	39%	56%	61%
2016/2017	82%	85%	69%	77%	81%	75%	75%	68%	55%	59%	73%
2017/2018	81%	77%	74%	83%	79%	76%	68%	68%	57%	61%	72%
2018/2019	84%	87%	86%	77%	78%	60%	68%	62%	58%	73%	73%
Media	82%	78%	69%	76%	79%	62%	65%	52%	49%	60%	68%
E.E.	2%	2%	3%	2%	1%	3%	3%	4%	3%	2%	2%

Para finalizar, os resultados de cuarto curso preséntanse na Táboa 5 e na Figura 7 para as materias obrigatorias e as materias con maior relación co medio natural e na Táboa 6 e na Figura 8 o resto das correspondentes a este curso. Destaca de maneira moi positiva Bioloxía Molecular, que estando por baixo do percentil do 10% no curso 2016/17, sitúase cun 68% de superación, moi por encima do percentil do 20% no curso 2018/19. No outro extremo están os descenso nos valores de superación, no curso 2018/19, en Edafoloxía (diminúe en 20 puntos porcentuais, pasando do 93% no curso 2017/18 ao 73% no curso 2018/19), Parasitoloxía (diminúe en 11 puntos porcentuais, pasando do 76% no curso 2017/18 ao 65% no curso 2018/19) e Viroloxía que pasa do 86% no curso 2017/18 ao 78% no curso 2018/19.




Figura 7. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do cuarto curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Táboa 6. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do cuarto curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A traza vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A traza laranxa o do 20%.

	Biología Molecular	Ecología III	Redacción e execución de proxectos	Traballo fin de grao	Fitopatoloxía	Edafoloxía	Biodiversidade animal e conservación	Biodiversidade vexetal e conservación	Xeobotánica	Zoogeografía	promedio pond. curso
2012/2013	43%	93%	92%	100%	93%	91%	89%	84%	88%	91%	87%
2013/2014	47%	94%	93%	100%	98%	73%	89%	95%	76%	93%	86%
2014/2015	50%	95%	92%	100%	98%	64%	88%	89%	93%	96%	86%
2015/2016	61%	89%	91%	100%	98%	80%	80%	100%	93%	82%	84%
2016/2017	51%	98%	90%	100%	97%	100%	90%	100%	97%	81%	87%
2017/2018	58%	95%	95%	100%	95%	93%	96%	91%	96%	95%	88%
2018/2019	62%	97%	96%	100%	93%	73%	88%	100%	97%	95%	87%
Media	53%	94%	93%	100%	96%	82%	88%	94%	92%	90%	85%
E.E.	3%	1%	1%	0%	1%	5%	2%	3%	3%	3%	1%




Figura 8. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do terceiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Tabla 7. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do cuarto curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A traza vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A traza laranxa o do 20%.

	Neurobioloxía	Parasitoloxía	Enxeñaría Xenética	Evolución humana e diversidade molecular	Viroloxía	Xenética humana	Bioteconoloxía vexetal	Bioquímica clínica e Patoloxía molecular	Inmunoloxía	Microbioloxía clínica
2012/2013	74%	78%	100%	90%	91%	97%	90%	68%	91%	96%
2013/2014	89%	74%	81%	87%	82%	97%	95%	86%	86%	80%
2014/2015	85%	75%	93%	86%	89%	96%	83%	78%	90%	86%
2015/2016	88%	72%	83%	69%	83%	91%	89%	62%	82%	82%
2016/2017	92%	70%	72%	89%	87%	93%	92%	78%	79%	92%
2017/2018	87%	76%	75%	85%	86%	98%	82%	76%	83%	98%
2018/2019	88%	65%	78%	92%	78%	94%	91%	70%	76%	94%
Media	86%	73%	83%	85%	85%	95%	89%	74%	84%	90%
E.E.	2%	2%	4%	3%	2%	1%	2%	3%	2%	3%

De forma xeral, un factor que non se introduciu na análise, e que podería influír na porcentaxe de alumnos que superan unha materia, é a data do exame. Se o exame é dos primeiros en realizarse, os resultados adoitan ser mellores que se o exame é dos últimos ou está próximo a unha materia que presenta unha baixa porcentaxe de superación. Con todo, isto tende a auto-compensarse porque ás materias con moitos repetidores durante algúns cursos asignóuselles unha data de exame máis temperá para que os profesores teñan máis tempo para corrixir, aínda que isto supón penalizar ás materias con poucos repetidores (porque se colocarán cara ao final).

Alarma temperá

De acordo co criterio incluído no SGC da Facultade de Bioloxía que funciona a modo de alarma temperá (mostrar valores inferiores ao percentil do 20% para todas as materias desde que se empezou a impartir a titulación durante dous anos consecutivos), elaborado para poder corrixir as desviacións dalgunhas materias respecto das porcentaxes de superación do total das materias correspondentes ao grao, as materias nas que se detecta dita alarma tras o curso 2018/19 son:

- Química para Bioloxía
- Bioquímica II
- Zooloxía I

Respecto ao curso anterior, permanecen en alerta temperá Química para Bioloxía e Bioquímica II, e por primeira vez desde o inicio do grao, entra a materia Zooloxía I, que é a materia que presenta os peores resultados no curso 2018/19 (47% de superación) e sale dela Fisioloxía Vexetal II.

De acordo co informe da Renovación da Acreditación do Grao para estas tres materias “..., se debe revisar y analizar la planificación, metodología, competencias, sistemas de evaluación, etc., en materias cuyas tasas de éxito son bajas. ..., garantizando que los estudiantes alcancen los resultados de aprendizaje esperados.”

- Continúan fóra da alarma temperá, e por tanto deben de ser felicitadas pola súa mellora na porcentaxe de superación da materia, as materias incluídas no curso 2017/18: Bioloxía da Célula
- Bioloxía dos Tecidos e Órganos
- Xenética I
- Fisioloxía Vexetal I

E no curso 2014/15:

- Xenética II
- Bioloxía Molecular

Problemática xerada

Índices de calidade

Chegado este momento é necesario facer unha reflexión. A pesar de que o nivel de esixencia dunha materia corresponde aos docentes da mesma, non hai que esquecer que a marcha do grao pode verse afectada por decisións unipersonales. O nivel de esixencia dun ou poucos profesores pode diferir significativamente dos do resto do grao, pero estes imporán o valor dos criterios de calidade á maioría, podendo causar unha diminución dos mesmos que afecte **negativamente ao conxunto dos profesores do grao**. Un só profesor e unha soa materia pode diminuír drasticamente índices como a “taxa de graduación” ou a “duración media dos estudos” (IN38G-S01-PM-01 que é a duración media, en anos, que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos), ou a “eficiencia dos titulados” (IN39G-S01-PM-01 que é a porcentaxe entre o número total de créditos do plan de estudos nos que se deberían matricular ao longo dos seus estudos o conxunto dos graduados dun determinado ano académico e o número total de créditos nos que realmente se matriculou). Outros indicadores tales como as taxas de avaliación ou rendemento son moito menos sensibles a unha única ou a un pequeno grupo de materias.

Na memoria verificada do título de Grao en Bioloxía poa USC inclúese como resultado previsto unha taxa de gradación do 60% que no curso 2017-2018 foi do 43,3%. **Esta taxa pode depender en gran medida dunha ou poucas materias**. Por iso é necesario establecer un control naquelas materias con porcentaxes de alumnos que as superan que difiran significativamente dos do resto das materias.

Bolsas de alumnos/as

Un segundo problema das materias con baixas porcentaxes de alumnos que as superan é a formación de bolsas de alumnos repetidores. Estas bolsas poden supor problemas de organización docente e académica. Asumamos por exemplo unha porcentaxe de superación da materia do 50% (percentil do 10%) e un número de alumnos de 150 (os de novo acceso ao grao en anos anteriores). O número de alumnos da materia elevaríase ano tras ano tal e como se mostra na Figura 9 até estabilizarse en 300. Dadas as actuais consideracións da USC respecto dos alumnos repetidores en relación ao número de grupo existentes, obviamente isto resulta un problema. O número de alumnos por grupo afecta claramente á calidade da docencia e é un importante punto a ter en conta.




Figura 9. Número de alumnos/as dunha materia cunha porcentaxe de alumnos que a superan do 50% e con 150 alumnos de acceso anual.